

## **Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 86, do 28.11.1990.

Emendas, BOPG núm. 116, do 27.2.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 65, do 9.4.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 198, do 25.10.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 227, do 30.12.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 227, do 30.12.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 4, do 26.2.1992.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 248, do 11.3.1992.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 59, do 26.3.1992.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 128, do 28.5.1992.

## **Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais**

Pola Sentencia do Tribunal Constitucional 86/1993, do 8 de marzo, foi desestimado o recurso de inconstitucionalidade interposto contra os artigos 5.1.f) e h) e 6.1 e 2, e por conexión contra o artigo 8.2.a) desta lei.

Esta lei foi derogada pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O artigo 148.1.22.º da Constitución española establece entre as competencias que poden asumir as comunidades autónomas a coordinación e demais facultades en relación coas policía locais, nos termos que establece unha lei orgánica.

Se ben é certo que esta non é unha competencia especificamente recollida no Estatuto de autonomía de Galicia, a promulgación da Lei orgánica de corpos e forzas de seguridade do Estado, 2/1986, proporciónalle á Comunidade Autónoma de Galicia unha ampliación de competencias en materias non previstas no Estatuto e, entre outras, a coordinación de policía locais.

En consecuencia, Galicia, por medio desta lei, procede a coordinar as policía locais do seu territorio nos termos establecidos no artigo 39 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade.

As características peculiares da poboación e do territorio da Comunidade Autónoma orixinan demandas específicas que esixen o

deseño dun modelo de coordinación de policía locais propio coas bases que se establecen na presente lei.

O título I regula as funcións e os órganos de coordinación das policía locais de Galicia, cun claro sentido de integración que posibilite a eficacia da actuación da Policía local para a mellor protección da seguridade cidadá e do libre exercicio dos dereitos e liberdades das persoas e colectivos. Para este fin, créase a Comisión de Coordinación das Policía Locais para o exercicio das súas funcións nesta materia.

O título II regula a normativa básica da estrutura, organización e actuacións das policía locais, definíndoas como institutos armados de natureza civil con estrutura e organización xerarquizadas baixo a autoridade superior do alcalde respectivo e a autoridade inmediata do xefe do corpo. Faise referencia ás distintas escalas dos corpos de policía locais, ós principios reguladores da súa uniformidade e ós medios técnicos e defensivos.

O título III contempla as condicións de ingreso, promoción e mobilidade nas policía locais, segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Neste sentido regúlanse tamén os requisitos de orde académica e profesional.

O título IV establece o réxime estatutario das policía locais de Galicia, regulando as situacións administrativas, dereitos sindicais, honras e distincións e o réxime disciplinario dos seus membros.

A lei complétase cun conxunto de disposicións adicionais e transitorias que pretenden axusta-la súa aplicación progresiva ás realidades actuais ás que vai dirixida, e fíxase unha temporalización para a súa plena efectividade como corpo legislativo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de coordinación das policía locais.

## Título I

### Das funcións e dos órganos de coordinación das policía locais

#### Artigo 1

A presente lei ten por obxecto establece-los principios normati-

vos para a coordinación das policía locais dentro do territorio de Galicia, de acordo co previsto no artigo 148.1.22.º da Constitución.

#### Artigo 2

1. Enténdese polo termo policía locais os corpos de Policía e os axentes auxiliares propios dos concellos que terán como función a prestación dos servicios de seguridade dependentes orgánica e funcionalmente dos concellos de Galicia e todas aquelas que lles atribúe a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e demais disposicións vixentes.

2. As policía locais estrutúranse organicamente en corpos de Policía local e en axentes auxiliares de Policía local, de acordo coas prescricións da presente lei.

3. O ámbito territorial da súa actuación será o constituído polo termo municipal respectivo, agás nos supostos de emerxencia, trala autorización e o requirimento das autoridades competentes.

#### Artigo 3

Os concellos de Galicia poderán crear e organiza-los seus propios corpos de Policía local, axustándose ó disposto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na presente lei.

#### Artigo 4

Para os efectos da presente lei, enténdese por coordinación o conxunto de técnicas e medidas, incluso normativas, que posibiliten a unificación dos criterios de actuación e organización, formación e perfeccionamento do persoal; a homoxeneización dos medios técnicos; e outros mecanismos de asesoramento e colaboración que lles permitan ós servicios de Policía dos concellos galegos acadar unha acción conxunta e eficaz.

#### Artigo 5

1. A coordinación da actuación das policía locais de Galicia farase respectando totalmente a autonomía local recoñecida na Constitución e abranguerá o exercicio das funcións seguintes:

a) Determina-las normas marco ou os criterios xerais ós que se terán que axusta-los regulamentos das policía locais de Galicia.

b) Establece-la homoxeneización en materia de medios técnicos e nos signos externos de identificación e uniformidade, respectando en todo caso os signos propios de cada entidade local.

c) Propicia-la homoxeneización en materia de retribucións.

d) Fixa-los criterios básicos de selección, formación, promoción e mobilidade dos membros das policía locais.

e) Coordina-la formación profesional dos policía locais, median-

te cursos ou actividades específicas da Academia Galega de Seguridade.

f) Establece-los instrumentos que faciliten un sistema de información recíproca e actuación conxunta e coordinada.

g) Proporcionarlles ás entidades locais que o soliciten a información e o asesoramento necesarios en materia de seguridade pública.

h) Poñe-los medios de información necesarios para garanti-la efectividade da coordinación.

i) Regular e canaliza-la colaboración eventual entre as diversas entidades locais co obxecto de atende-las súas necesidades en situacións especiais ou extraordinarias.

j) Calquera outra que legalmente se lle encomende.

2. As devanditas funcións exerceran respectando as competencias das autoridades locais e estatais en materia de seguridade, así como as competencias doutros órganos de coordinación, en especial as xuntas de seguridade.

#### Artigo 6

1. Eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servicios sexa necesario reforza-lo cadro de persoal dos corpos de Policía local dalgún Concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos bilaterais con outros concellos, co fin de que membros da Policía destes concellos poidan

actuar no termo municipal do solicitante, por tempo determinado e en réxime de comisión de servizo, aceptado voluntariamente polo axente e con dereito á percepción das axudas de custo e dos gastos de desprazamento que correspondan.

2. Así mesmo, poderán solicitá-lo dito soporte asistencial aqueles concellos que, axustándose ás leis, non teñan necesariamente que dispoñer dun corpo propio de Policía local.

3. Para os efectos previstos nos puntos anteriores poderase instar a colaboración da Consellería da Presidencia e Administración Pública, á que, en todo caso, se lle dará conta dos acordos adoptados polos concellos, para os efectos da súa anotación no Rexistro previsto no artigo 20 desta lei.

4. Respecto das permutas voluntarias entre policía locais de idéntica categoría profesional, haberá que averse ó disposto regulamentariamente na normativa de réxime local.

#### Artigo 7

1. As competencias en materia de coordinación das policía locais serán exercidas por:

a) O Consello da Xunta de Galicia.

b) A Consellería da Presidencia e Administración Pública.

c) A Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia.

2. As funcións a que se refire esta lei realizaranse, en todo caso, tendo en conta as normas e os procedementos de colaboración entre as forzas e os corpos de seguridade que se adopten no seo dos distintos órganos de coordinación.

#### Artigo 8

1. Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública, dictar as normas xerais de coordinación no marco desta lei, logo do informe da Comisión de Coordinación das Policía Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Á Consellería da Presidencia e Administración Pública correspóndelle:

a) Establecer as medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, así como a fixación do sistema de información que asegure a efectividade daquelas, logo do informe da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia.

b) A aprobación ou homologación, se é o caso, tralo informe da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia, da programación dos cursos a que fai referencia o artigo 8.3.c) desta lei.

c) Prestarlles ós concellos a asistencia necesaria para a elaboración dos plans municipais de seguridade, cando sexa requirida para iso.

3. A Comisión de Coordinación das Policías Locais, como órgano superior consultivo en materia de coordinación, terá, entre outras, as seguintes funcións:

a) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións xerais que, en materia de policía, dicten os distintos órganos da Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais.

b) Propoñerlles ós órganos competentes das distintas administracións públicas a adopción de cantas medidas se consideren convenientes para a mellora dos servizos das policía locais e para a homoxeneización dos seus medios técnicos.

c) Emitir informe sobre a programación dos cursos básicos e de promoción e de cantas actividades se realicen nos centros de formación das policía locais de Galicia, para os efectos da oportuna aprobación ou homologación.

d) Emitir informe sobre os plans municipais de seguridade.

e) Emitir informes sobre materias de retribución económica e homoxeneización de retribucións.

f) Emitir informes sobre o indicado nas letras a), b), d) e h) do artigo 5.

g) As demais que lle atribúan as disposicións vixentes.

#### Artigo 9

1. A Comisión de Coordinación das Policías Locais de Galicia,

adscrita á Consellería da Presidencia e Administración Pública, estará constituída por:

a) Presidente: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

b) Vicepresidente: o director xeral con competencia en materia de interior.

c) Vocais:

— Cinco representantes da Xunta de Galicia, designados polo seu Consello.

O número de representantes municipais será:

— Catro por municipios de máis de 50.000 habitantes.

— Catro por municipios de menos de 50.000 habitantes.

— Tres representantes dos membros das policía locais, designados polos sindicatos máis representativos na Policía local no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

d) Actuará como secretario da Comisión, con voz e sen voto, un funcionario da Dirección Xeral competente en materia de interior, con categoría de xefe de servizo.

2. O presidente da Comisión poderá convocar, con voz e sen voto, ás reunións da mesma representantes doutras administracións públicas, para os efectos de facilitar as accións de coordinación, así como técnicos especialistas ou asesores.

3. A condición dos vocais representantes dos concellos e dos sindicatos policiais estará ligada á representatividade que se posúa e perderase ó desaparecer esta.

4. A Comisión reunirse preceptivamente, con carácter ordinario, polo menos unha vez ó trimestre. Reunirse extraordinariamente a petición dun tercio dos seus membros ou por disposición do presidente.

5. Ó remate do ano natural, a Comisión elevaralle á Xunta de Galicia unha memoria das actividades que realizou durante o exercicio.

6. A Comisión poderá constituír grupos técnicos de traballo con carácter permanente ou puntual para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

7. A actuación da Comisión axustarase ó disposto na Lei de procedemento administrativo no seu título I, capítulo II, sobre órganos colexiados.

## Título II

Normas básicas de estrutura, organización e actuación das policía locais

### Artigo 10

1. Os corpos de Policía local son institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, baixo a superior autoridade do alcalde respectivo. O mando inmediato e operativo da

Policía local será exercido polo xefe do corpo.

En cada concello a Policía local formará un corpo único.

2. Os concellos son autónomos para organiza-los seus corpos de Policía local, dentro do respecto ás normas e ós principios básicos establecidos nesta lei.

3. O exercicio da función de Policía xudicial axustarase ó previsto na Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade.

### Artigo 11

Os concellos de Galicia aprobarán un esquema organizativo do seu corpo policial, onde se establecerán os labores e medios asignados de acordo cos principios organizativos fixados nesta lei.

Así mesmo elaborarán os regulamentos específicos no marco da lei básica do Estado e desta lei.

### Artigo 12

Nos concellos de menos de 5.000 habitantes as funcións de custodia e vixilancia de bens, servicios e instalacións poderán ser desempeñadas por axentes auxiliares de Policía local, sen prexuício do establecido na disposición transitoria cuarta, punto 1, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

### Artigo 13

Os concellos de Galicia que dispoñan dun corpo de Policía local

están obrigados a elaborar un plan de actuación co fin de garantir a máxima eficacia no exercicio das súas funcións, tanto propias coma en colaboración con outras forzas e corpos de seguridade. Con este obxecto, asignarán e organizarán os medios persoais e materiais do cadro de efectivos da Policía local, para acadar os obxectivos fixados pola Corporación municipal. Para a elaboración do plan citado teranse en conta as directrices que fixen os correspondentes órganos de coordinación, no marco desta lei.

#### Artigo 14

1. As policía locais, sen prexuício das funcións a que fai referencia o artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, exercerán primordialmente as de prevención e auxilio, procurando disuadir coa súa presenza a posible comisión de feitos delictuosos.

2. Os criterios de actuación policial basearanse en:

a) Acomodación ás directrices e ós obxectivos decididos no plan municipal de seguridade que elabore o Concello respectivo.

b) Polivalencia no exercicio das súas funcións.

c) Autonomía e responsabilidade, dándolles conta ós seus superiores xerárquicos das actuacións policiais e dos resultados dos dispositivos que se establezan.

d) Cobertura da totalidade do territorio municipal respectivo e extensión gradual do servizo durante as vinte e catro horas do día.

e) Impedir, no exercicio da súa actuación profesional, calquera práctica abusiva, arbitraria e discriminatoria que comporte violencia física ou moral.

f) Observancia en todo momento dun trato correcto con tódolos cidadáns, procurando auxiliálos e protexelos.

3. As policía locais de Galicia axustarán a súa actuación ós principios básicos que se establecen no capítulo segundo do título primeiro da Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade.

#### Artigo 15

O servizo de Policía local estará coordinado cos restantes servizos municipais e cos correspondentes doutras administracións públicas. En todo caso promoverase unha mutua coordinación e información recíproca entre as policía locais de Galicia e demais forzas e corpos de seguridade. Na elaboración de plans e actividades de seguridade conxunta teranse en conta as instrucións que emanen das xuntas locais de seguridade, da Xunta Autónoma de Seguridade e da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia.

#### Artigo 16

1. A Xunta de Galicia regulará mediante decreto a homoxeneiza-



ción dos medios técnicos postos á disposición das policía locais.

2. A Consellería da Presidencia e Administración Pública, logo de informe da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia, será a competente para homologa-lo material empregado polas policía locais, conforme a prescricións técnicas que se fixen regulamentariamente.

#### Artigo 17

1. Por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, logo de dictame da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia, estableceranse as características básicas e comúns de uniformidade das policía locais e que regularán en todo caso:

- a) Definición de pezas de uniforme.
- b) Definición de insignias.
- c) Definición de distintivos de posto e mando.

2. O uniforme de policía local de Galicia incorporará preceptivamente o escudo de Galicia e do concello respectivo.

3. Ningún policía local uniformado poderá exhibir publicamente outros distintivos que non sexan os fixados regulamentariamente.

#### Artigo 18

1. Os membros dos corpos de Policía local, no exercicio das súas funcións, deberán vesti-lo uniforme regulamentario, salvo os casos excepcionais que autorice o gobernador civil respectivo, de acordo co disposto no artigo 52.3 da Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade. Neste suposto deberanse identificar con documento de acreditación profesional.

2. As pezas do uniforme e o material complementario só se poderán utilizar en horas de servizo ou en cumprimento deste, salvo as excepcións que, legal ou regulamentariamente, se establezan.

#### Artigo 19

Tódolos membros dos corpos de Policía local de Galicia estarán provistos dunha tarxeta de acreditación profesional expedida polo correspondente Concello, segundo modelo homologado pola Xunta de Galicia logo de informe da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia.

Terán a obriga de identificarse ante o cidadán que llelo esixa, en caso de actuacións que o afectasen.

#### Artigo 20

Créase no seo da Consellería da Presidencia e Administración Pública un Rexistro de Policía Locais de Galicia no que, preceptivamente, se inscribirá a tódolos membros pertencentes ós cor-

pos de Policía local e axentes auxiliares.

O funcionamento deste Rexistro establecerase regulamentariamente.

### Título III

#### Ingreso, promoción e mobilidade nas policía locais de Galicia

##### Artigo 21

1. A convocatoria das probas de ingreso e de acceso ás diferentes escalas dos corpos de Policía será realizada polos concellos, logo de oferta de emprego público para cubri-las vacantes.

2. As bases de convocatoria axustaranse ós requisitos de ingreso e de acceso e ós criterios de selección que se fixan na lexislación básica do Estado, nesta lei e na normativa que a desenvolva no marco daquelas.

3. Formará parte dos tribunais cualificadores das probas selectivas para o ingreso ou acceso ás distintas escalas un vocal designado pola Consellería da Presidencia e Administración Pública.

4. As convocatorias rexeranse polos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade. Serán publicadas, en todo caso, no *Diario Oficial de Galicia* e nos demais boletíns oficiais en que sexa preceptivo.

##### Artigo 22

1. Son requisitos imprescindibles para o ingreso nos corpos de Policía local os seguintes:

a) Ser español.

b) Ter cumpridos os 18 anos e non sobrepasa-los 30 para o acceso ó posto básico.

c) Posuí-la titulación adecuada.

d) Non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas nin estar separado do servicio das administracións públicas por expediente disciplinario.

e) Ser titular do permiso de conducir de clase B-1.

2. Para o ingreso ou acceso á escala executiva, nos postos de garda e cabo, requirirase estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.

3. Para o ingreso ou acceso á escala executiva, nos postos de sarxento e suboficial, requirirase a posesión do título de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

4. Para o ingreso ou acceso á escala técnica nos postos de oficial e subinspector, requirirase estar en posesión do título de diplomado universitario ou equivalente.

5. Para o ingreso ou acceso á escala técnica no posto de inspector, requirirase estar en posesión da titulación de licenciado superior ou equivalente.

### Artigo 23

O ingreso nos corpos de Policía local nas súas diferentes escalas e postos farase por oposición libre e logo de superar un curso de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade, do que, segundo os casos, se fixará regulamentariamente a súa natureza e duración.

### Artigo 24

1. As probas selectivas de oposición serán de carácter teórico e práctico e nelas deberase incluír, necesariamente, un recoñecemento médico, probas de capacitación física, un exame psicotécnico e unha avaliación de coñecementos xerais ou específicos de materias relacionadas co exercicio profesional, así como o coñecemento da lingua galega e das institucións e do dereito básico de Galicia.

2. Por vías regulamentarias a Comunidade Autónoma determinará as regras básicas e os programas mínimos das probas selectivas, logo de informe da Comisión de Coordinación das Policías Locais de Galicia.

3. Durante o período de permanencia no curso de formación na Academia Galega de Seguridade, os aspirantes percibirán, con cargo ó presuposto da Corporación respectiva, as retribucións que para os funcionarios en prácticas establezan as disposicións vixentes.

### Artigo 25

1. En cada oferta pública de emprego das distintas categorías de Policía local reservarase un 50% das prazas ofertadas para promoción interna. No caso de que quedasen vacantes na quenda de promoción interna, estas acrecentarán as de acceso libre.

2. Verbo das prazas da escala técnica no posto de oficial, o 50% destas reservarase para funcionarios que ocupen o posto de suboficial na escala executiva e sempre que se cumpran os requisitos do punto 4 do presente artigo.

3. Só poderán acceder á promoción interna a que se refiren as alíneas anteriores os membros das policías locais de Galicia que ingresen no corpo a través da Academia Galega de Seguridade, os que o fixesen con anterioridade a través de academias ou de escolas municipais de Policía local ou os que superen o correspondente curso de capacitación na Academia Galega de Seguridade.

4. Serán requisitos para a promoción interna que supoña cambio de escala:

a) Estar en posesión de titulación suficiente.

b) Ter unha antigüidade mínima de dous anos no posto inmediatamente inferior en calquera Concello de Galicia.

c) Supera-las probas dun concurso-oposición.

d) Supera-lo curso de aptitude realizado na Academia Galega de Seguridade.

5. A promoción interna dun posto que non implique cambio de escala verificarase mediante concurso de méritos entre os funcionarios de emprego inmediatamente inferior que prestasen polo menos dous anos de servizo neste posto e Concello onde se produza a vacante, superando, en todo caso, un curso de aptitude na Academia Galega de Seguridade.

6. Fixaranse por vía regulamentaria os programas e os baremos mínimos dos concursos-oposición, os baremos dos concursos de méritos e os cursos de aptitude.

#### Título IV

##### Réxime estatutario das policía locais de Galicia

#### Artigo 26

As situacións administrativas nas que poden estar os membros dos corpos de Policía local son as previstas para os funcionarios de carreira da Administración local, de conformidade co que dispón a lexislación vixente.

#### Artigo 27

O exercicio dos dereitos sindicais por parte dos membros dos corpos de Policía local axustarase ó que dispón a Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

Tocante ó exercicio do dereito de folga e das accións substitutorias, terase en conta o que dispón a Lei 2/1986, de forzas e corpos de seguridade.

#### Artigo 28

1. Os membros dos corpos de Policía local poderán ser premiados, distinguidos, felicitados ou condecorados pola respectiva Corporación municipal ou pola Xunta de Galicia, polos actos de especial transcendencia e mérito realizados na prestación do servizo, así como por manter durante a vida profesional unha conducta exemplar.

2. As mencións honoríficas sinaladas no parágrafo anterior constituirán mérito destacado para a promoción interna e faranse constar nos expedientes persoais.

#### Artigo 29

O réxime disciplinario dos membros das policía locais será o mesmo có establecido para os restantes funcionarios da Administración local, coas especificacións recollidas na Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade.

#### Disposición adicional primeira

No prazo de un ano, contado desde a entrada en vigor da presente lei, os concellos de Galicia que dispoñan actualmente dun corpo de Policía local deberán axusta-lo seu regulamento e as súas normas de organización, de estrutura e de funcionamento ós dictados da presente lei.

#### Disposición adicional segunda

O nomeamento de auxiliares de Policía local requirirá inescusablemente que os candidatos realicen e superen previamente un curso específico de formación na Academia Galega de Seguridade.

#### Disposición adicional terceira

1. A Xunta de Galicia aprobará a normativa coordinadora a que se refire o artigo 5.1.b) desta lei, no prazo de un ano, contado desde a súa entrada en vigor.

2. Os concellos de Galicia dispoñerán, á súa vez, dun prazo de un ano, contado desde a aprobación a que se refire o punto 1, para axustar-la dita normativa, os medios técnicos e a uniformidade das súas policía locais.

#### Disposición adicional cuarta

A Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia constituirase no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente lei.

#### Disposición adicional quinta

O nomeamento do xefe de corpo da Policía local será realizado polo alcalde respectivo, por libre designación, entre funcionarios do corpo correspondente, atendendo ós principios de mérito e capacidade.

#### Disposición adicional sexta

Os corpos de Policía local de Galicia adoptarán a estrutura xerárquica que determine o seu estatuto orgánico, ó que se refire a

disposición derradeira terceira da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### Disposición transitoria primeira

Mentres non se aprobo o estatuto a que se refire a disposición derradeira terceira da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o réxime estatutario das policía locais axustarase ó disposto nesta lei, na Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade, e na normativa supletoria que lle sexa aplicable.

#### Disposición transitoria segunda

De conformidade co establecido na disposición transitoria cuarta do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e en tanto non se aproben as normas estatutarias a que fai referencia a Lei 7/1985, do 2 de abril, os corpos de Policía estarán integrados por:

a) Escala técnica ou de mando, cos postos de inspector, subinspector e oficial.

b) Escala executiva, cos postos de suboficial, sarxento, cabo e garda.

Así mesmo, mentres non se aproben as normas estatutarias de referencia e de acordo coa disposición legal citada, os empregos de inspector e subinspector só poderán crearse nos concellos de máis de 100.000 habitantes.

#### Disposición transitoria terceira

Poderá reservarse para a promoción interna, con dispensas de un grao do requisito de titulación e sempre que se realizasen os cursos, que regulamentariamente se determinen, na Academia Galega de Seguridade, ata un 50% das vacantes para os funcionarios integrados no emprego inmediato inferior que presten servizos nos concellos de Galicia na data de entrada en vigor desta lei. Os funcionarios citados só poderán exercer este dereito en tres convocatorias sucesivas, e serán aplicables as demais previsións contidas nesta lei.

#### Disposición transitoria cuarta

Os membros da Policía local que carezan da titulación requirida en cada posto, ó entrar en vigor esta lei, seguirán neste en situación de «que se vai extinguir» e respectaráselles tódolos seus dereitos.

#### Disposición transitoria quinta

1. Mentres non entre en funcionamento a Academia Galega de Seguridade, a Consellería da Presidencia e Administración Pública, mediante convenios de colaboración cos concellos que dispoñan de escola ou de academia de Policía, poderá convir con eles a realización dos cursos de formación para o ingreso, a promoción interna, o perfeccionamento e a especialización das policía locais de Galicia.

2. Mentres non se constituía a Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia, os concellos que dispoñan dunha escola

ou dunha academia de Policía deberán remitirle á Consellería da Presidencia e Administración Pública as relacións de cursos, programas e titulacións, para seren homologados e aprobados se é o caso.

#### Disposición derogatoria única

Quedan derogadas tódalas disposicións de categoría igual ou inferior que se opoñan ó establecido na presente lei.

#### Disposición derradeira primeira

Autorízase á Xunta de Galicia para que dicte as disposicións regulamentarias que esixa o desenvolvemento e a aplicación desta lei dentro dos seis meses seguintes á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Disposición derradeira segunda

No non previsto nesta lei e na Lei de forzas e corpos de seguridade será aplicable a lexislación básica estatal e, se é o caso, autonómica, en materia de réxime local, así como a Lei da función pública de Galicia.

#### Disposición derradeira terceira

A presente lei entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 1992

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente